

## Con presas e toleando

**Logo de negarse reiteradamente a negociar a adaptación da Resolución acordada coa Secretaría de Estado de Función Pública con motivo da nova normalidade;** de verse na obriga de facer dúas prorrogas da xornada de verán e adoptar outras medidas que requirían de negociación previa coa representación do persoal (que houberen sido innecesarias de ter adaptada a resolución); argumentando un empeoramento da situación sanitaria consecuencia do incremento de contaxios pola COVID-19, **O Ministerio e as Entidades agora teñen presa por negociar un acordo que regule a prestación de servizo en modalidade non presencial, e estableza modificacións ou adaptacións no actual modelo de cumprimento da xornada de traballo.**

A totalidade de cuestións que se expuxeron na reunión de hoxe (15 de outubro) respecto das posibles medidas a adoptar para reducir a mobilidade e os contactos físicos do persoal, xa están recollidas na Resolución da Secretaría de Estado do 17 de xuño. Contempla as dúas **modalidades de traballo: Presencial e Non Presencial**. A ordinaria será a presencial, que prevé que o persoal acollido a esta modalidade poderá desempeñar ate un 20% da súa xornada semanal (7,5 horas) en modalidade non presencial; e a Non presencial que prevé a posibilidade de prestar servizo, ate un 20% da xornada semanal (7,5 horas), en modalidade presencial.

Segundo manifestamos a CIG, esta regulación posibilitaría que, de haber dispoñibilidade de equipos informáticos, **todo o persoal que o desexe; acollido a calquera das dúas modalidades de prestación de servizo, podería cumprir, cando menos, co horario de tarde en modalidade non presencial.**

**Flexibilización Horaria:** Poderán establecerse criterios de flexibilización horaria sen ter que estar suxeitos aos límites establecidos na Resolución de Xornada e Horarios. Para o que, cada Departamento, deberá autorizar a flexibilización correspondente a cada caso, independentemente da modalidade de prestación de servizo, con preferencia a fórmulas de xornada continuada; tamén poderán ampliarse os horarios de apertura dos centros de traballo e facilitar a rotación do persoal.

Segundo manifestamos a CIG, esta regulación posibilitaría a **apertura de centros de traballo antes do horario previsto** na actualidade (7.30 horas); así como o peche dos mesmos ate as 21.00 horas. Igualmente permitiría a posibilidade de que, **aquelas persoas que desexen cumprir a súa xornada (sexa de mañá ou tarde) en modalidade presencial, poidan facelo de xeito continuado** (sen ter que partir a xornada); tamén permitiría que a **prestación do servizo en modalidade de tarde se faga de xeito rotatorio todos os días da semana**, sen ter que limitarse a martes ou xoves.

En canto ao **control de presenza** non entendemos necesaria a obriga, expresada por parte dalgunha Entidade, de ter que facelo cada quen no seu equipo informático; aínda que sexa unha medida preventiva que pretende evitar compartir elementos de uso común; dende a CIG entendemos que esta opción podería aplicarse de xeito voluntario no caso das fichaxes de entrada e saída; e obrigatorio para as fichaxes no caso de modalidade non presencial e para aquelas incidencias que requiran de ausencia durante a xornada laboral. **Para o caso de aplicarse con carácter obrigatorio unha medida de este tipo, requiriría do establecemento dalgún tipo de compensación horaria.**

Respecto das instrucións ditadas polo INSS para a **apertura dos CAISS ate as 14.30 horas**; a CIG manifestamos que os problemas de atención ao público que se estaban a dar, non se ían solucionar con dar mais carga de traballo as poucas persoas que quedan nas oficinas. Este problema habería que solucionalo aumentando o cadro de persoal destes centros.

A maiores do anterior queda por atender a situación daquel **persoal que, tendo algún tipo de patoloxía previa, foi declarado como vulnerable** e o contido funcional do seu posto de traballo non é susceptible de prestarse en modalidade non presencial. Para este tipo de persoal demandamos que se adapten as condicións do posto de traballo e priorizar o uso dos escritorios virtuais para que poida traballar de xeito non presencial.

Ao igual que o fixemos diante de Función Pública, dende a CIG tamén imos propor o recoñecemento dun **permiso retribuído (por deber inescusable)** para aquelas persoas que, tendo menores en idade escolar ou maiores dependentes que non estean infectados, teñan que facerse cargo deles no seu domicilio por ter pechado as aulas, escolas ou residencias nas que estaban a ser atendidos.

Para negociar a concreción dos asuntos tratados na reunión de hoxe, quedamos emprazados para unha nova reunión o xoves 22 de outubro. Entre tanto non se concretan as condicións, acordadas ou non, nas que haberá que prestar o servizo; a CIG solicitamos que se deixen en suspenso as directrices ditadas unilateralmente respecto das modificacións no cumprimento da xornada e da modificación no sistema de control horario. Igualmente solicitamos dos responsables dos RRHH que, con carácter previo á reunión, nos facilitasen por escrito as propostas de modificación de condicións de traballo que pretenden aplicar.

Respecto do anterior quedaron en que, o venres 16, dirían as condicións nas que se ía prestar o servizo ate que se dese a negociación na reunión do xoves que ven.

Galiza, outubro de 2020